



Praia de Broña vista dende Tremuzo



Concellarías de Cultura e Xuventude
Concello de Outes




RUTA

Albán-Tremuzo

Continuando polo paseo marítimo chegamos á área recreativa e á pequena praia de Siavo, na localidade do Freixo. Nesta localidade está o porto marítimo máis importante de Outes, dotado dunha sólida industria naval.

Seguindo a ruta, pasamos a carón da fermosa igrexa parroquial de San Xoán de Sabardes, de estilo barroco (S XVII) e cun dos altares máis belos da zona. Ao seu carón está a actual casa rectoral que foi antigamente un mosteiro beneditino. Elementos máis destacados son a robusta chime-nea, a solaina de columnas ochavadas e a espléndida galería de columnas sobre balaustrada de pedra. No adro tamén podemos contemplar un cruceiro datado do 1878.

E logo continuamos a subida ao monte Tremuzo (525 m de altura). É o máis alto do Concello de Outes e dispón dunha zona recreativa. Dende o cumio podemos ver unha das vistas máis espectaculares da nosa ría.



Percorrido aprox.: 14 Kms
Nivel de dificultade: Medio

Cun percorrido aproximado de 14 km, iniciase esta ruta no Albán (lugar de Rates). Comezamos subindo os 253 chanzos de madeira a carón dos cinco muíños do regato do Albán, que nace na Fonte do Foxo. Antigamente os veciños moían nestes muíños os cereais. Construíanse a escasos metros uns dos outros para aproveitar ao máximo a forza da auga provocada polo desnivel do terreo.

Máis adiante pasaremos polo lugar de Albeida. Dende o seu alto podemos contemplar unha fermosa panorámica da ría, importante zona de produción marisqueira e pesqueira. Nos meses de decembro e xaneiro é famosa a colleita de pipións (peixe que vén desovar aos areais).

Dende Albeida baixaremos ata o Requeixo, pasando pola aldea de Bara. Na Punta Requeixo collemos o paseo marítimo que nos levará bordeando a costa ata a praia de Broña, a máis grande do concello, na que podemos facer un descanso. Conta con zonas verdes e mesas.



Lenda:

-  Cruceiro
-  Fonte
-  Mirador
-  Pantalán
-  Praia
-  Igrexa

- 1** Fonte do Foxo
- 2** Area Recreativa Punta Requeixo
- 3** Praia de Broña
- 4** Praia de Siavo
- 5** Igrexa de San Xoán de Sabardes

